

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da obra: "Nova ponte sobre o río Miño nos Peares, nos termos municipais da Peroxa e Nogueira de Ramuín (Clave: OU/10/105.01)".

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consorcio contra Incendios e Salvamento das comarcas do Carballiño e do Ribeiro, para a realización das obras de construción do edificio para o parque de bombeiros do Consorcio.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o día 25 de abril de 2008 entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Instituto de Vivenda e Solo e o Concello de Maside, para a erradicación do chabolismo.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Salvaterra de Miño, para a execución da obra: "Colectores xerais da bacía do río Mendo en Salvaterra de Miño, fase II. Concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra)", clave OH.336.988, por importe dun millón catrocentos trinta e un mil cento sesenta e cinco euros con cincuenta e seis céntimos (1.431.165,56 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ponteareas, para a execución da obra: "Saneamento nas parroquias de Areas, Arnoso e Xinzo, fase V. Concello de Ponteareas (Pontevedra)", clave OH.336.923, por importe dun millón trescentos oitenta e tres mil trescentos noventa e un euros con setenta e sete céntimos (1.383.391,77 €).
- Acordo pola que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Paderne de Allariz, para a execución da obras: "Mellora do abastecemento de auga en varios núcleos do concello. Paderne de Allariz (Ourense)", clave OH.232.710, por importe de catrocentos oitenta e tres mil cento oitenta e nove euros con sesenta e seis céntimos (483.189,66 €).
- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e os concellos de Lugo, Castro de Rei, Castroverde, Friol, Guntín, O Corgo, Outeiro de Rei e Rábade, para o desenvolvemento conxunto do novo transporte metropolitano de Galicia na área de Lugo e os gastos plurianuais derivados do previsto no referido convenio, por importe dun millón corenta e sete mil setecentos cinco euros (1.047.705,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio, para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retailista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de seiscentos cinco mil euros (605.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio para o funcionamento e a reserva de prazas para alumnado no Centro Neuropsicopedagóxico O Pelouro, durante o curso 2010-2011 por un importe de cincocentos corenta e sete mil seiscentos vinte e seis euros con doce céntimos (547.626,12 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACESCA), para posibilitar os desprazamentos dos alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, por un importe total de trinta e seis mil oitocentos vinte e un euros e vinte e dous céntimos de euro (36.821,22 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de acondicionamento e rehabilitación da Torre do Reloxo do Mosteiro de San Rosendo de Celanova, en Ourense, por un importe total de cento noventa e seis mil oitocentos setenta e dous euros con oitenta e cinco céntimos (196.872,85 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Sanxenxo, para a creación dunha escola infantil 0-3 municipal, por importe de oitocentos vinte mil euros (820.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a prórroga do convenio de colaboración suscrito co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, para o desenvolvemento dun programa piloto de desenvolvemento rural sustentable.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

- Declaración Institucional do Día Internacional das persoas con discapacidade

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de formación directiva de mandos intermedios.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o grao de cumprimento en 30 de novembro do Plan de Infraestruturas Hidráulicas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Día Mundial da Sida e proxecto de probas diagnósticas.

O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO QUE REGULA A IMPLANTACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- *A Xunta dá un paso máis para acadar unha Administración sen papeis, máis transparente e aberta aos cidadáns*
- *A Administración autonómica contará cun Rexistro Electrónico Único que funcionará as 24 horas do día os 365 días do ano*
- *A edición electrónica do DOG substituirá a versión en papel garantindo un servizo público universal de consulta gratuíta e de libre acceso a través da rede*
- *Foméntase a cooperación interadministrativa para axilizar trámites e evitar que os usuarios teñan que reenviar documentos que xa estean en poder doutra Administración*
- *Simplifícanse os procedementos administrativos permitindo unha maior participación cidadá na actividade administrativa*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto que establece o marco de desenvolvemento da Administración electrónica na Administración pública galega. O obxectivo é avanzar na mellora da calidade e da eficacia dos servizos ofrecidos e no impulso da Administración electrónica para unha maior eficiencia interna e nas relacións intra e interadministrativas.

O obxectivo final é garantir aos cidadáns a posibilidade de relacionarse telematicamente coas administracións públicas aforrando custos e tempo, independentemente do lugar onde vivan e do nivel administrativo desde o que inicien a tramitación (entidade local, provincial, autonómica...). Trátase de conseguir unha Administración máis transparente e aberta aos cidadáns as 24 horas os 365 días do ano.

Estrutura e ámbito de aplicación

O decreto consta de 40 artigos, agrupados en 9 apartados que teñen por obxecto regular o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos, a tramitación telemática, a creación e regulación da sede electrónica, a creación da edición electrónica do *Diario Oficial de Galicia* e do rexistro electrónico e o establecemento de infraestruturas e servizos de interoperabilidade.

O decreto aplicarase a todos os órganos e unidades da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Coa aprobación desta normativa o Goberno galego comprométese a implantar progresivamente o uso dos medios electrónicos nas comunicacións, trámites e prestacións de servizos cos cidadáns así como nas súas comunicacións internas e con outras administracións públicas e institucións.

Sede electrónica

O decreto aprobado hoxe establece que a sede electrónica da Xunta de Galicia estará no enderezo <https://sede.xunta.es> así como a través do portal www.xunta.es. A sede electrónica é o enderezo electrónico, a través do cal os cidadáns acceden á información,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

servizos e trámites electrónicos. Representa unha fonte de información auténtica na cal a Xunta garante a integridade, veracidade e actualización da información e os servizos a que se pode acceder.

DOG

Entre os contidos, que por regulamentación legal deben estar accesibles ao cidadán, estará a edición electrónica do *Diario Oficial de Galicia*, que substituirá á edición impresa garantindo os mesmos efectos atribuídos á versión en papel así como a continuidade e o mantemento do servizo prestado á cidadanía.

Coa creación do DOG electrónico garantírase un servizo público universal, de consulta gratuíta e libre acceso a toda a cidadanía, simplificando os procesos de produción, reducindo o tempo de edición, racionalización do gasto e difusión gratuíta do boletín. A publicación do DOG realizarase na sede electrónica.

Rexistro Electrónico

Os cidadáns tamén poderán acceder a través do portal da Xunta ao Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia para a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións que se envíen por vía telemática. O Rexistro Electrónico permitirá a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todos os días do ano durante as 24 horas do día e terá idénticos efectos que as realizadas noutro rexistro público.

O Rexistro Electrónico emitirá de forma automática o correspondente recibo de presentación, consistente nunha copia autenticada do escrito de solicitude ou comunicación de que se trate, incluíndo a data e a hora de presentación e o número de rexistro de entrada.

Taboleiro electrónico

Así mesmo, está dispoñible na sede electrónica un taboleiro de anuncios electrónico en que a Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes e vinculados notificarán os actos administrativos cando as persoas interesadas nun procedemento sexan descoñecidas, o lugar da notificación non estea correctamente determinado ou non se poida confirmar a notificación. A publicación de actos e disposicións no taboleiro terá o mesmo valor que o atribuído á publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Formas de identificación e autenticación

Para identificarse nas súas relacións telemáticas coa Xunta e os organismos dela dependentes os cidadáns contarán con tres instrumentos ao seu alcance. Por unha banda os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao documento nacional de identidade para as persoas físicas, doutra banda os sistemas de sinatura avanzada admitidos polas administracións públicas que teñen validez para a Xunta e que se especifiquen na sede electrónica. En terceiro lugar, admitírase a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como persoa usuaria inscrita no rexistro de funcionarios habilitados pola Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A xestión electrónica dos procedementos e servizos implica a realización dunha análise tecnolóxica e funcional co obxectivo de simplificar os procedementos, especialmente nos seguintes aspectos: a supresión ou redución da documentación requirida aos cidadáns, a previsión de medios e instrumentos de participación, a redución dos prazos e tempos de resposta e a racionalización da distribución das cargas de traballo e das comunicacións internas. Os sistemas que permitan a tramitación electrónica garantirán ademais a seguridade da aplicación, a preservación da dispoñibilidade, da confidencialidade e da integridade dos datos tratados pola aplicación.

Notificacións e documentos electrónicos

Por outra banda, o decreto regula tamén a comunicación e a notificación electrónicas así como os requisitos do documento electrónico, das copias electrónicas, da compulsa e dixitalización electrónicas de documentos e o arquivo da documentación electrónica.

Os certificados administrativos emitiranse preferentemente por medios electrónicos, e substituirán progresivamente os certificados en soporte de papel, agás petición expresa do interesado.

Cooperación interadministrativa

O fomento da interoperabilidade tamén está recollido no decreto que estipula a cooperación interadministrativa en beneficio dos cidadáns e das propias institucións para axilizar trámites e evitar que os usuarios teñan que reenviar documentos que xa estean en poder doutra Administración. Trátase, en definitiva de crear un marco estable de desenvolvemento en materia de Administración electrónica de forma que a percepción do cidadán sexa de igual nivel de servizo en calquera departamento dela.


A XUNTA INVISTE 2,6 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA PONTE SOBRE O RÍO MIÑO, NO NÚCLEO OURENSÁN DOS PEARES

- *Está previsto que a obra da ponte se licite no primeiro semestre de 2011 e as obras estean rematadas no ano 2012*
- *O Goberno galego pretende que a nova ponte sexa un importante eixe de comunicación e vertebración que faga máis fácil a convivencia e o intercambio entre as xentes das marxes do río*
- *O pasado 8 de xullo, o Consello da Xunta aprobou a recuperación da marxe dereita do río Miño mediante a construción dunha senda peonil que complementará a construción desta ponte*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto que dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de construción da nova ponte sobre o río Miño, no núcleo dos Peares situado no concello ourensán da Peroxa. A ponte obxecto desta actuación nacerá na conexión da antiga estrada N-120, situada no concello de Nogueira de Ramuín, coa estación de ferrocarril da liña Ourense-Monforte de Lemos, no lugar dos Peares. Medio Ambiente investirá preto de 2,6 millóns de euros na construción deste da ponte.

Esta infraestrutura supón un compromiso do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, quen na súa visita do pasado 14 de maio á localidade ourensá dos Peares anunciou a conexión dos Peares coa Nacional-120.

Esta actuación facilitará a unión entre as dúas marxes do río Miño, resolvendo as molestias que supón percorrer 7 quilómetros pola presa dos Peares para pasar ao outro lado. Polo tanto, o Goberno galego pretende que a nova ponte sexa un importante eixo de comunicación e vertebración que faga máis fácil a convivencia e o intercambio entre os preto de 4.800 veciños dos concellos da Peroxa, Nogueira de Ramuín e Carballedo. Outra das razóns que salientan a importancia do proxecto é que servirá para potenciar a zona turística da Ribeira Sacra.



Características da ponte

A nova ponte sobre o río Miño terá unha lonxitude de 193,60 metros; cinco vans, con luces de 22, 36, 45, 64 e 35 metros; contará cun largo de taboleiro de 5,5 metros; e unha calzada de 3,25 metros; así mesmo contará cunha beirarrúa de 1,25 metros a cada lado da calzada e dous peitorís de medio metro cada un deles. Así mesmo, a súa estrutura estará formada por catro piares de formigón, dous verticais e dous en V e un taboleiro de sección mixta formigón-aceiro. Esta obra licitarase no primeiro semestre de 2011 e estará rematada no ano 2012.



Actuacións complementarias

O pasado 8 de xullo, o Consello da Xunta aprobou o proxecto de recuperación da marxe dereita do río Miño, mediante a construción dunha senda peonil ou paseo fluvial. Esta actuación, que se licitará no vindeiro mes de decembro por 485.000 euros, complementará a construción da ponte e permitirá recuperar o contorno.

As obras consistirán na recuperación ambiental desta área, polo que se procederá á retirada parcial do muro existente para formar un noiro que facilite o crecemento de vexetación; farase tamén unha biorrexeneración mediante a colocación de biorrolleira de estabilización de noiros e, así mesmo, procederase á revexetación con plantación de vexetación de ribeira e semente de céspede. Así mesmo, levarase a cabo unha adecuación recreativa que consistirá na realización da senda peonil a base de pavimento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

permeable formigón-césped de 570 metros e a colocación de balizas baixas estancas para luz pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS DO CARBALLIÑO PARA O COMEZO DAS OBRAS DO FUTURO PARQUE DE BOMBEIROS**

- *O edificio estará situado no polígono industrial de Uceira do Carballiño e para a súa construción a Xunta achegará 750.000 euros*
- *Contará con 18 profesionais e terá unha cobertura de intervención directa sobre 19 concellos e 50.000 ourensáns*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consorcio contra Incendios e Salvamento das comarcas do Carballiño e do Ribeiro en que se regulan as bases de colaboración para a realización das obras de construción do edificio para o parque de bombeiros das comarcas do Carballiño e do Ribeiro.

A Consellería de Presidencia contratará a través da Sociedade Pública de Investimentos (SPI) as obras de construción do edificio, así coma a dirección de obra e a dirección da súa execución e coordinación de seguridade e saúde, por un importe máximo de 750.000 euros. Pola súa banda, o Consorcio cederalle á Xunta unha parcela no polígono industrial de Uceira (O Carballiño) para construír o futuro parque de bombeiros; e encargarse da súa explotación, mantemento e conservación.

O parque do Carballiño será o cuarto da provincia de Ourense -xunto aos da Rúa, Verín e Xinzo-, dará servizo a 50.000 galegos, contará con 18 profesionais e terá unha cobertura de intervención directa sobre 19 concellos. O investimento total previsto para a súa construción e equipamento é de máis de 2 millóns de euros, repartidos entre a Xunta, a Deputación de Ourense e a mancomunidade e concellos implicados.

Ademais, o do Carballiño será un dos sete novos parques contra incendios que a Xunta de Galicia, en colaboración coas restantes administracións, prevé pór en marcha entre os anos 2010 e 2011. O obxectivo da Consellería de Presidencia é que a finais do próximo ano Galicia dispoña de 25 parques funcionando que, sumado aos que xa operan nas sete grandes cidades, darán cobertura ao 60% do territorio e ao 80% da poboación galega.

Deseño de emerxencias integrado

Con estas novas infraestruturas, o Goberno galego cumprirá o seu compromiso de articular un deseño de emerxencias integrado por catro consorcios provinciais, froito da colaboración institucional entre administracións.

O obxectivo deste traballo é ampliar a rede de parques existentes no marco dun sistema de emerxencias profesional e uniforme, que aspira a que calquera cidadán, viva onde viva, teña a man un servizo de emerxencias de calidade nun tempo razoable.

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ 4,2 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DE VIVENDAS PARA A ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO EN MASIDE

- *O convenio inicial prevía vivendas prefabricadas de madeira, pero construíranse vivendas equiparables ás de promoción pública, mellorando a calidade e a tipoloxía das vivendas*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe unha addenda ao convenio entre o IGVS e o Concello de Maside para o reaxuste de anualidades.*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo investirá un total de 4.230.046,40 euros na erradicación do chabolismo no concello ourensán de Maside, tal como establece a addenda ao convenio asinado entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o concello que hoxe aprobou o Consello da Xunta de Galicia.

O convenio entre o IGVS e o Concello de Maside establece que a Administración autonómica construírá 25 vivendas que pasarán a propiedade municipal por importe do 2 por cento do custo total da súa execución. O concello cederá as vivendas, en réxime de alugueiro, ás familias que habitan o poboado chabolista de Fontela.

A addenda ao convenio, aprobada hoxe polo Consello da Xunta, permite reaxustar as súas anualidades e introducir melloras nas vivendas que se van construír, xa que o convenio inicial prevía vivendas prefabricadas de madeira que podería causar problemas de mantemento.

Finalmente vense construír vivendas con calidades equiparables ás da promoción pública (VPP). Ao mesmo tempo, varíase a tipoloxía das vivendas para adaptalas ás necesidades e hábitos dos destinatarios. Por iso se van construír vivendas de planta baixa cando inicialmente estaban previstas de baixo e unha planta.

As vivendas desenvolveranse en planta baixa e contarán cun rocho e un garaxe que pode facer as veces de almacén. Así mesmo, cada vivenda contará cunha parcela que constituirá unha prolongación ao exterior do propio espazo da vivenda.

O reaxuste de anualidades vén determinado tamén pola necesidade de substituír a figura urbanística do plan de sectorización por un plan parcial, que xa foi redactado polo IGVS e aprobado inicialmente polo Concello de Maside o 8 de xullo de 2010, estando na actualidade en tramitación e pendente da súa aprobación definitiva.

O orzamento total da actuación comprometido polo IGVS ascende á cantidade de 4.908.523,77 € dos que xa foron executados 678.477,36 € en adquisición de terreos e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

traballos técnicos e quedan pendentes de chegar 4.230.046,40 euros que se distribuirán nas seguintes anualidades:

2011: 261.508,64 €
2012: 1.984.268,88 €
2013: 1.984.268,88 €

Este convenio entre o IGVS e o Concello de Maside ten vixencia ata o 30 de decembro de 2015.

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCIÓN DA II FASE DOS COLECTORES XERAIS DA BACÍA DO RÍO MENDO, EN SALVATERRA DE MIÑO, PARA ELIMINAR PUNTOS DE VERTEDEURA

- *Este proxecto supón as obras necesarias para a construción dun interceptor xeral de saneamento de augas residuais do río Mendo e a súa rede primaria*
- *O prazo de execución desta actuación é de nove meses*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión deste xoves un investimento de máis de 1,4 millóns de euros, a través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello pontevedrés de Salvaterra do Miño, para a execución da segunda fase dos colectores xerais da bacía do río Mendo, na dita localidade.

Este acordo tramítase ao abeiro do Decreto 84/1997, do 10 de abril que prevé a colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais. Grazas a esta normativa establécese a posibilidade de financiamento e execución por parte da Xunta de Galicia de obras de abastecemento e saneamento de auga, mesmo os proxectos técnicos e construtivos, nos termos municipais de Galicia.

Características técnicas

Este proxecto supón a execución das obras necesarias para a construción dun interceptor xeral de saneamento de augas residuais do río Mendo e a súa rede primaria, o que permitirá incorporar ao interceptor as verteduras das parroquias situadas no extremo oriental de Salvaterra do Miño.

O colector xeral discorre, na súa maior parte, seguindo o río Mendo fóra da zona de servidume, funcionando por gravidade desde o seu extremo augas arriba, límite co concello das Neves, ata o seu final en Ponte Ferrón, onde se fará un bombeo que levará as residuais do conxunto á rede separativa da Plataforma Lóxística Industrial de Salvaterra-As Neves (PLISAN).

Así mesmo, a rede primaria está formada por doce colectores cunha lonxitude total de 6.462 metros, seguindo en xeral camiños e pistas existentes, recollendo as residuais dos núcleos principais que verten ao río Mendo. Estes colectores conéctanse ao interceptor en diversos puntos do seu percorrido.

Coa fase I atópanse en execución catro dos doce colectores da rede primaria, que suman un total de 6.126 metros, repartidos en 548 m do colector de Burguete; 1.455 m do de Gandarela; 2.745 m do de Sueido; e 1.378 m do colector do Couto. Nesta fase II complétanse o resto das actuacións citadas, ao tempo que se levará a cabo a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Investimento**

Para levar a cabo esta obra, investiranse 1.431.165,56 euros, cantidade dividida en tres anualidades, comezando cos pagamento o vindeiro ano, cunha achega de algo máis de 231.100 euros; sendo de 600.000 euros as dúas restantes.

ANO	IMPORTE
2011	231.165,56
2012	600.000,00
2013	600.000,00
TOTAL	1.431.165,56

O prazo de execución destas actuacións, que beneficiará a máis de 15.000 habitantes, é de nove meses.

MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS PARA COMPLETAR AS OBRAS DE SANEAMENTO NAS PARROQUIAS DE AREAS, ARNOSO E XINZO, NO CONCELLO DE PONTEAREAS

- *O proxecto dotará a máis de 3.800 veciños dunha adecuada rede de colectores de augas residuais*
- *A actuación tamén comprenderá a instalación de tres bombeos somerxibles que impulsarán as augas residuais nun tramo de 700 metros*
- *A Xunta leva investidos 2,4 millóns de euros nas fases precedentes, que fixeron posibles as conexións iniciais coa estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Ponteareas*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ponteareas para a execución da 5ª fase das obras de saneamento das parroquias de Areas, Arnosó e Xinzo pertencentes ao citado concello pontevedrés. Concretamente, Medio Ambiente financiará o proxecto cun investimento de máis de 1,3 millóns de euros distribuídos en tres anualidades: 250.000 euros no vindeiro 2011, 750.000 euros no 2012 e 383.391 euros no 2013.

O obxectivo do proxecto será dotar os preto de 3.800 veciños das anteditas parroquias dunha adecuada rede de colectores de augas residuais que conectarán coa rede xeral do concello. As obras consistirán na execución dunha rede de preto de 19.500 metros de colectores, cun diámetro de entre 250 e 315 mm de diámetro. Así mesmo, instalaranse tres bombeos somerxibles de entre 0,9 e 3 quilovatios de potencia. Estes bombeos permitirán impulsar as augas residuais nun tramo de preto de 700 metros.

O Consello da Xunta autoriza a colaboración técnica e financeira co concello para a execución destas obras, ao abeiro do Decreto 84/1997, do 10 de abril. Mediante a dita normativa establécese a posibilidade de financiamento e execución por parte da Xunta de Galicia de obras de abastecemento e saneamento de auga, mesmo os proxectos técnicos e construtivos, nos termos municipais da Comunidade Autónoma.

O porcentaxe de financiamento por parte da Xunta acadará o 100% do total do custo da obra, requiríndose a aprobación previa polo Consello da Xunta. A execución da totalidade do proxecto será no 2013.

Antecedentes

As catro primeiras fases, nas cales a Xunta investiu 2,4 millóns de euros, fixeron posible a mellora do saneamento da zona así como as conexións iniciais coa estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Ponteareas. Na primeira e segunda fases, rematadas no 2003, instalouse un colector na marxe dereita do río Xinzo de 5,8 quilómetros de lonxitude que conectaría cun pozo de bombeo da EDAR.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Na segunda fase fíxose un estudo máis pormenorizado das necesidades das tres parroquias; Xinzo, Areas e Arnosó. Para isto, estudouse levar a cabo unha rede de sumidoiros separativa. Leváronse a cabo unha rede de colectores principais e outra de colectores secundarios. Os colectores principais están formados por 260 pozos conectados a unha rede de 6.800 metros de tubaxe de 315 mm de diámetro. Os colectores secundarios permiten conectar os caudais situados nas vivendas particulares coa rede de colectores principais. Nesta rede secundaria, foi preciso instalar 50 pozos conectados por unha tubaxe de 4.700 metros de lonxitude.

A terceira fase do proxecto de saneamento rematouse no 2006 e permitiu completar as obras desta segunda fase, xa que algunhas das casas destas parroquias carecían de terreos sobrantes nos que instalar as fosas sépticas. Isto ocasionaba problemas de cheiros xa que discorrían líquidos polos sumidoiros das augas pluviais. As obras consistiron na instalación de 25 ramais de pequena lonxitude e amplíase a rede de colectores ata os 8.000 metros de lonxitude.

Finalmente, a cuarta fase tivo como finalidade completar as anteriores con novos colectores en pequenos núcleos das parroquias de Xinzo, Arnosó e Areas.

A XUNTA GARANTE QUE 11 NÚCLEOS DE PADERNE DE ALLARIZ, QUE SUPOÑEN O 30% DA POBOACIÓN DO CONCELLO, CONTEN CUNHA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

- *A execución deste proxecto hidráulico está asegurada coa achega de case 500.000 euros dos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*
- *Construiranse case 5 quilómetros de tubaxe e un novo depósito de auga*

A Xunta de Galicia dotará de rede de abastecemento de auga potable a 11 núcleos do concello de Paderne de Allariz, xa que na actualidade moitas destas zonas carecen deste servizo. O Consello da Xunta aprobou esta mañá o acordo polo que se permite establecer unha colaboración co devandito concello ourensán para a execución das melloras. O importe desta actuación ascende a 483.189 euros, que serán achegados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O obxectivo do proxecto é ampliar a rede, levando o servizo de abastecemento a case 500 veciños destes núcleos de Paderne de Allariz, que representan máis do 30% da poboación do municipio. Para iso será necesario que a auga de dous mananciais que abastecen o depósito existente entre nel filtrada, polo que se construírá un pequeno depósito de auga bruta de 20 metros cúbicos de capacidade anexo ao depósito xeral existente para almacenar a auga deses dous mananciais. Despois filtrarase nunha caseta anexa onde se instalará un equipo de filtración de auga bruta. A obra recolle tamén a reposición de 1.285 metros de tubaxe da traída.

Para ampliar a rede nos núcleos de Vilar, O Pazo, A Torre, Casamonde, Taboadela, Neboeiro e os da parroquia de San Salvador de Mourisco (Eiravedra, Moás, Mourisco, Saa e San Cristobo), que se abastecen de mananciais que non responden á demanda actual, instalárase un sistema de bombeo (formado por dúas bombas) capaces de elevar 6 litros por segundo, que estarán conectados por máis de 3.400 metros de tubaxe desde o depósito existente ata o novo que se situará preto de Neboeiro.

Sete fases de execución

O prazo de execución destas obras é de 16 meses e executarase en sete fases de actuación distintas. A primeira semana será necesario levar a cabo os traballos de instalacións xerais e implantación, posteriormente o depósito de 20 metros cúbicos de auga bruta e a caseta de maquinaria. A terceira das fases, que abranguerá seis semanas, será a colocación das gabias e a tubaxe de impulsión e distribución, e de cara ao final desta fase comezará simultaneamente a reposición de pavimentos, así como a colocación de chaves ventosas e válvulas. A continuación executarase a instalación de arquetas de rexistro. As dúas últimas tarefas serán definir a acometida eléctrica e a conexión ás redes existentes e a colocación do equipamento de impulsión, filtros e accesorios hidráulicos e eléctricos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Este proxecto hidráulico foi examinado e supervisado pola Área de Programación e Seguimento de Obras de Augas de Galicia, despois de que o Concello entregase a redacción deste, co obxectivo de mellorar o servizo de abastecemento de auga a 11 núcleos. Este traballo foi exposto ao público sen que se presentase ningunha alegación.

Cómpre recordar que un dos compromisos adquiridos polo concello é entregar á Xunta os terreos e augas necesarios, libres de carga e gravames para a execución da obra, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para poder executalas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**LUGO E A SÚA ÁREA CONTARÁN POR PRIMEIRA VEZ CON TRANSPORTE METROPOLITANO, QUE SUPORÁ O ABARATAMENTO DO BILLETE, OS TRANSBORDOS GRATUÍTOS E A TARXETA ÚNICA METROPOLITANA**

- *O investimento da Xunta de Galicia será de máis de 1,3 millóns de euros que serán distribuídos no período comprendido entre o 2010 e o 2015*
- *Os concellos adscritos neste convenio son: Lugo, Castro de Rei, Castroverde, Friol, Guntín, O Corgo, Outeiro de Rei e Rábade*
- *O novo Plan de Transporte Metropolitano de Lugo (PTM) terá seis novas liñas; tres de interese municipal e tres de interese metropolitano*
- *Estímase que, coas medidas implantadas, se incrementará un 51% o uso do transporte público, permitindo retirar 500 vehículos diarios das rúas da cidade de Lugo e o seu contorno*

A cidade de Lugo e a súa área metropolitana contarán por primeira vez cun servizo de transporte metropolitano que implicará un abaratamento do billete, garantirá o transbordo gratuíto e a implantación da tarxeta única metropolitana.

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a autorización do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos da área para a implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano de Lugo (PTM). Medio Ambiente investirá, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, máis de 1,3 millóns de euros (1.347.704), que supoñen o 76% do investimento total. Pola súa parte, os concellos farán un investimento de 425.244 euros que suporán o 24% restante. Esta achega será distribuída no período comprendido entre o 2010 e o 2015.

A implantación do novo plan incorpora aos concellos de Lugo, Castro de Rei, Castroverde, Friol, Guntín, O Corgo, Outeiro de Rei e Rábade, creando unha área metropolitana beneficiada que suma máis de 124.000 galegas e galegos, e que permitirá coa súa posta en marcha implantar progresivamente seis novas rutas; das cales tres serán de interese municipal e as outras tres de interese metropolitano.

As liñas propostas de interese municipal serán Os Alargos-Outeiro de Rei, Martul-Outeiro de Rei e Vicente-Outeiro de Rei. Por outra banda, as liñas de servizos de interese metropolitano (3) serán: Outeiro de Rei-Castro Ribeiras de Lea-Lugo, Vilachá - Adai - Lugo, e Lugo - Adai- Prolongación ata Vilachá.

Coa potenciación do novo plan de transporte espérase pasar de 2,4 millóns de viaxes previstas para 2015 a 3,7 millóns, polo que se incrementarían un 51%. Estímase que se poden eliminar máis de 500 vehículos diarios na cidade de Lugo e o seu contorno. En definitiva, fomentárase a mobilidade con menos coches privados. Outro dato significativo que xustifica a necesidade de implantación deste servizo é o feito de que na área de Lugo preto dun 95% dos desprazamentos monotorizados se realizan en vehículo privado, fronte ao 5% que acostuma empregar o servizo público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Sistema tarifario**

Coa implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano porase en marcha un novidoso sistema tarifario. No sistema actual, a tarifa é en función da distancia, de tal xeito que canto máis longa é a viaxe, máis caro é o billete. No novo sistema, o territorio divídese en varias zonas tarifarias. Cada zona tarifaria estará constituída por un ou varios concellos, de tal forma que os veciños dun mesmo concello terán as mesmas tarifas para os seus desprazamentos. O procedemento para o cálculo da tarifa é moi simple e baséase no número de zonas que se atravesan nun desprazamento.

A ATM de Lugo queda ordenada en cinco zonas de transporte, facilitando aos cidadáns o uso do transporte mediante a simplificación das tarifas, a información e o uso da nova tarxeta metropolitana.

Sinalar que outra das principais vantaxes do novo sistema é a interacción das redes urbanas e interurbanas o que permite facer transbordos gratuítos entre redes cun importante aforro para as persoas usuarias.

O novo Plan de Transporte Metropolitano en Lugo permitirá reducir tarifas nas viaxes metropolitanas con aforros mínimos do 40%, que se incrementan cos transbordos gratuítos e os descontos adicionais para as persoas que viaxen con maior frecuencia. O usuario que empregue o transporte metropolitano diariamente, poderían acadar un aforro anual de ata 600 euros (diminución media de máis do 60% nos distintos desprazamentos).

Deste xeito, o nivel de prezos será fixado segundo os saltos que se fagan dunha zona a outra, entendendo por salto o movemento entre distintas zonas, cando se pasa dunha zona a outra será un salto, se se traspasan dúas, dous saltos (o máximo previsto polo momento). Se o viaxeiro opta por facer viaxes na mesma zona de transporte ou decide facer un só "salto" deberá pagar 0,72 céntimos de euro (a inmensa maioría das viaxes previstas na área) e se decide facer unha viaxe de dous saltos o custo da súa viaxe será de 1,10 cando agora pode roldar uns 2 euros de media.

Ademais, a Xunta de Galicia asumiu o compromiso de subministración de novas marquesiñas e postes de parada por valor de 300.000 euros. Ademais do investimento, o labor do Goberno autonómico será a inspección do cumprimento dos servizos ofertados polas empresas concesionarias. Por outra banda, os concellos asumirán o compromiso da instalación, conservación e mantemento das infraestruturas do PTM.

ECONOMÍA E INDUSTRIA ACHEGARÁ MÁIS DE 600.000 EUROS PARA O FOMENTO DO PEQUENO COMERCIO EN GALICIA DA MAN DO SECTOR

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a consellería que dirixe Javier Guerra e a Federación Galega de Comercio*
- *O obxectivo deste acordo é a dinamización e modernización do sector mediante medidas como a creación dun portal web do comercio galego*
- *Esta acción enmárcase dentro do plan Ágora-Agora re-Comercia 2010-2013 que leva a cabo a Dirección Xeral de Comercio*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación Galega de Comercio co obxectivo de fomentar o pequeno comercio en Galicia.

A consellería achegará un total de 605.000 euros que se destinarán a actividades orientadas á información-promoción no pequeno comercio, dentro dun marco xeral de actuación da Consellería de Economía e Industria que traballa xa na mellora de equipamentos comerciais de uso colectivo –fundamentalmente, mercados retallistas e rúas e zonas peonís comerciais-, dos eixes comerciais e en actuacións dinamizadoras do pequeno comercio en centros urbanos, sen esquecer tamén as tarefas de promoción e fomento de estratexias no sector de distribución comercial que incidan na súa dinamización, modernización e mellora da xestión.

O convenio presenta como novidade o desenvolvemento dun portal da internet do comercio galego e centra o seu obxectivo no fomento do consumo, configurándose como unha actuación de reacción fronte á situación de crise. Todas as actuacións recollidas no convenio inciden directamente no beneficio do propio pequeno comercio. O convenio posibilitará tamén actividades relacionadas directamente coa información, formación e promoción do comercio como eixes fundamentais de actuación

Este convenio de colaboración coa Federación Galega de Comercio enmárcase dentro das actuacións previstas pola Dirección Xeral de Comercio dentro do Plan Ágora-Agora re-Comercia 2010-2013. Este pretende contribuír á construción dun sector comercial máis competitivo e dinámico, para o que recolle unha serie de medidas entre as que cómpre sinalar a creación da Rede de Dinamización Comercial (Re-Dic), como instrumento de asesoramento e coordinación dos distintos axentes do sector.

A consellería mostra novamente deste xeito o seu compromiso co sector, consciente das súas dificultades, particularmente na actual situación de crise económica. O Goberno galego considera que as administracións públicas teñen que xogar un papel relevante neste sentido para mellorar a situación deste colectivo.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN FACILITA O ACCESO Á ESCOLARIZACIÓN GRATUÍTA DO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS NO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL O PELOURO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun novo convenio con este colexio, para a escolarización de alumnado con trastornos de personalidade e conduta*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria facilitará un curso máis a escolarización totalmente gratuíta de alumnas e alumnos con trastornos de personalidade e conduta no centro neuropsicopedagóxico O Pelouro, en Pontevedra. Ao abeiro deste convenio a Xunta de Galicia subvenciona ademais a reserva de prazas de residencia para os escolares cos devanditos trastornos, de forma que, se así o recomendan as súas particulares circunstancias, poidan recibir atención educativa en réxime de internado de forma totalmente gratuíta para as súas familias.

Deste xeito, o apoio da consellería serve para que o centro O Pelouro preste atención educativa e asistencial ao alumnado co fin de lograr o máximo desenvolvemento das súas potencialidades, no marco dunha comunidade socioeducativa e terapéutica que ten como base a integración interactiva e intersextiva. Esta atención desenvolverase en réxime de internado de diversos tipos, segundo as características familiares de cada rapaz ou as que a terapia aconsellen, procurando o réxime máis axeitado para cada neno, e unhas dinámicas de grupo adaptadas ás súas necesidades. Ademais, o centro ocuparase de orientar as familias do alumnado destas características.

Os fondos achegados pola Consellería de Educación destinaranse a aboar os salarios de persoal docente e complementarios, aos gastos de funcionamento de unidades obxecto de convenio e á atención ao alumnado que ocupe as prazas de residencia.

Coa sinatura deste convenio a Consellería de Educación colabora co funcionamento do centro do Pelouro, que vén desenvolvendo desde 1973 a coeducación de escolares con necesidades educativas específicas, con e sen minusvalidez, mediante unha educación completa e integral da persoa, baseada na súa diversidade.

EDUCACIÓN E ACEESCA COLABORARÁN PARA O TRASLADO DE 29 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES AO SEU CENTRO ESCOLAR

- *O acordo cobre os desprazamentos entre o fogar e o centro educativo, e as viaxes en horario escolar aos centros de rehabilitación*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA) asinarán un acordo de colaboración para que o alumnado con discapacidades do Centro de Educación especial Santísimo Cristo del Amor, no Porriño, poida desprazarse ao seu centros educativo. O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao acordo, do que neste curso académico se beneficiarán 29 escolares.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, o convenio cobre os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces ao centro escolar, así como a ou desde o centro en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar.

Coa sinatura deste convenio, ACEESCA comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Ademais nos vehículos poderán viaxar os coidadores daquelas persoas que precisen atención individualizada, continua e permanente. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

A Asociación ACEESCA é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co fin de acadar a máxima atención social aos problemas que presentan, así como a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para o que colabora con organismos e entidades que teñen relación coa problemática dos discapacitados.

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Educación facilita o acceso á escolarización ao alumnado galego, atendendo á súa diversidade e ás súas necesidades específicas, tal e como fixo xa na provincia da Coruña co visto e praxe á sinatura dun convenio coa asociación GRUMICO, e en Pontevedra con AMENCER-ASPACE.

CULTURA E TURISMO ACOMETERÁ AS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA TORRE DO RELOXO DO MOSTEIRO DE SAN ROSENDO DE CELANOVA (OURENSE) QUE CONTARÁN CUN ORZAMENTO DE 197.000 EUROS

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento que permitirá cofinanciar os traballos de acondicionamento e rehabilitación da Torre do Reloxo do mosteiro ourensán*

O Consello da Xunta aprobou a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento para a execución das obras de acondicionamento e rehabilitación da Torre do Reloxo do Mosteiro de San Rosendo de Celanova, en Ourense. A Consellería de Cultura e Turismo executará os traballos de rehabilitación da Torre do Reloxo, que contarán cun orzamento de 196.873 euros, distribuídos nas anualidades de 2011 e 2012.

En virtude do convenio, a Consellería de Cultura e Turismo, achegará 102.578 euros consistente no financiamento das obras necesarias para o seu acondicionamento e rehabilitación, asumindo o 50% da licitación da obra (94.295 euros) e o total da dirección das obras (8.283 euros). Pola súa banda, o Ministerio de Fomento achegará 94.295 euros, a través do 1% cultural dentro dos recursos orzamentarios provenientes da porcentaxe referida ao patrimonio histórico español consistente no financiamento das obras necesarias para a súa conservación, mellora e rehabilitación.

As actuacións previstas teñen por obxecto asegurar a estabilidade das fábricas, así como intervir nun magnífico conxunto de bens mobles que asegure o seu estado de conservación e permita unha recuperación para usos culturais e de ocio. O Mosteiro de San Rosendo dispón da posibilidade dunha magnífica observación do conxunto, así como a maquinaria dun reloxo histórico e dun conxunto de campás de gran interese.

O mosteiro de San Rosendo de Celanova, construído entre os anos 936 e 942, chegou a converterse nun dos máis importantes de Galicia, e a súa igrexa nunha das máis destacadas do barroco galego. A monumental Torre do Campanario que se vai rehabilitar, conta con seis plantas, balconada e bóveda de pedra, sobre a que se asenta a maquinaria do reloxo.

Estas actuacións inclúense no Plan de Abadías, Mosteiros e Conventos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Enmarcadas neste plan, a Consellería de Cultura e Turismo executará as obras de reparación das cubertas do mosteiro de Santa María de Melón cun orzamento de 197.126 euros e as actuacións de rehabilitación das cubertas do Claustro dos Cabaleiros do mosteiro de San Cristovo de Cea cun investimento total de 241.190 euros, ambos na provincia de Ourense.

A XUNTA COLABORARÁ CON SANXENXO NA CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL QUE AMPLIARÁ A OFERTA DE 0 A 3 ANOS EN 82 PRAZAS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración plurianual entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Sanxenxo para o inicio das obras*
- *O departamento autonómico financiará a posta en funcionamento do novo centro cun total de 820.000 euros*
- *A provincia de Pontevedra contará en 2011 con sete novas escolas infantís, que sumarán un total de 572 novas prazas en educación infantil*

A oferta de prazas de escolas infantís para nenos e nenas de 0 a 3 anos ampliarase na localidade de Sanxenxo. A Xunta colaborará co Concello de Sanxenxo na construción dun centro co financiamento de xeito plurianual de 820.000 euros para o inicio das obras. O novo servizo, que contará cun total de 82 prazas, situarase no Revel, na parroquia de Vilalonga.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Sanxenxo para a posta en marcha da escola infantil, que terá un total de cinco unidades. En concreto, a Xunta destinará este mesmo ano a este proxecto un total de 410.000 euros o en 2011 o resto da contía.

O apoio da Administración autonómica a este proxecto encádrase dentro do Plan Educa3 e a iniciativa forma parte do obxectivo prioritario do Goberno galego de incrementar as prazas destinadas á educación infantil de 0 a 3 anos para axudar as familias galegas na conciliación da vida familiar e laboral.

1.000 novas prazas en 2011

De feito, os orzamentos do departamento autonómico para 2011 permitirán a posta en funcionamento ao longo do próximo ano de 1.000 novas prazas en arredor de 25 escolas. O investimento da consellería para a creación destas 1.000 novas prazas ascenderá a 3,1 millóns de euros.

O investimento previsto para o vindeiro ano permitirá chegar ao remate de 2011 con arredor de 17.000 prazas sostidas con fondos públicos, o que supón un incremento superior ao 20% respecto ao comezo da lexislatura, e alcanzarse unha ratio de cobertura do 26% fronte ao 21,3 que existía en abril de 2009.

En Pontevedra

Por provincias, a consellería no ano 2011 construírá ou rematará a construción de nove escolas na Coruña, catro en Lugo, catro en Ourense e seis en Pontevedra. A estas escolas sumaranse algunhas outras construídas por concellos das cales a Xunta de Galicia asumirá a xestión integrándoas na Rede A Galiña Azul.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En Pontevedra, as escolas que se porán en marcha en 2011, ademais da de Sanxenxo, estarán situadas en Mos con 41 prazas, na Universidade de Pontevedra con 61 prazas, en San Paio (Vigo) con 102 prazas, na Universidade de Vigo con 82 prazas, en Tui con 82 prazas e no barrio pontevedrés da Parda con 122 prazas.

Desta forma, a provincia de Pontevedra sumará en 2011 a construción de seis novas escolas con 450 novas prazas, ás cales hai que sumar a escola infantil da Parda, de 122 prazas, que tamén xestionará a Xunta. En total serán 572 novas prazas.

Este ano 2010 xa abriron nas localidades de Marín, Vilagarcía, Silleda, Cotobade, Cangas, Barro e no edificio administrativo da Xunta en Pontevedra.

O CONSELLO AUTORIZA A MEDIO RURAL PARA PRORROGAR POR UN ANO MÁIS O CONVENIO CO MARM SOBRE DESENVOLVEMENTO RURAL SUSTENTABLE

- *O acordo ten unha dotación orzamentaria de 17 millóns de euros, en que o MARM achega 8,5 millóns*
- *Con este convenio fináncianse actuacións de mellora dos accesos ás explotacións de vacún e vitivinícolas en diferentes comarcas galegas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para prorrogar o convenio de colaboración suscrito co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (MARM) para o desenvolvemento dun programa piloto de desenvolvemento rural sustentable no marco da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ampliando o prazo de realización e xustificación das actuacións ata o 30 de novembro de 2011.

A Xunta asinou, o 9 de decembro de 2009, o referido convenio co ministerio, para o desenvolvemento de experiencias piloto con que poden obterse conclusións directamente aplicables á totalidade das fases de elaboración, desenvolvemento, execución, seguimento e avaliación do Programa de desenvolvemento rural sustentable (PDRS), así como dos plans de zona rural.

O convenio ten unha dotación orzamentaria de 17 millóns de euros, en que o MARM achega 8,5 millóns (0,5 no ano 2009 e 8 no 2010). A súa vixencia remataba o 31 de decembro de 2011. Consecuentemente, o prazo de realización e xustificación das actuacións prorrógase ata o 30 novembro de 2011.

Con este convenio fináncianse actuacións de mellora dos accesos ás explotacións de vacún e vitivinícolas en diferentes comarcas da comunidade autónoma, onde os problemas de infraestruturas xeran un incremento nos custos de explotación das empresas agrarias.

O programa das actuacións cobre os tres eixes principais do desenvolvemento sustentable, con enfoques dirixidos a cadanseu pilar básico: ambiental, social e económico. A filosofía do acordo é actuar sobre algún dos problemas ou necesidades máis importantes e urxentes para cada unha das zonas beneficiarias do programa.

Accesos a explotacións

O investimento global do plan piloto é de 17 millóns de euros, financiados a partes iguais por ambas as administracións, que permiten actuacións nun total de 83 concellos galegos. Deles, 31 benefíciense de actuacións en mellora dos accesos a explotacións vitivinícolas, e 56 en melloras na mesma materia para explotacións de vacún. Asemade, en catro deles actúase na mellora de ambos os tipos de accesos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O investimento medio por concello acada a cifra de máis de 191.000 euros, destinándose case 6 millóns para viñedo, e algo máis de 11 millóns para as explotacións de vacún.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA DISCAPACIDADE

A Xunta de Galicia aposta pola plena igualdade e inclusión das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos da sociedade, desde o convencemento de que este é un paso ineludible na construción dunha verdadeira sociedade do benestar, aquela na que tódolos seus individuos teñan as mesmas oportunidades para levar a cabo un proxecto de vida. Un compromiso que hoxe quere reafirmar, con motivo da celebración do Día Internacional da Discapacidade, que ten como lema “Manter a promesa: incorporación da discapacidade nos obxectivos e desenvolvemento do Milenio a carón do 2015 e máis alo”.

Isto significa que temos que actuar nos ámbitos da educación, da formación e do emprego, da igualdade de xénero, da saúde e os servizos sociais, da cultura, o deporte e o tempo de lecer.

Por iso a Xunta de Galicia quere manifestar neste día a importancia de:

- Integrar a discapacidade en todos os aspectos do desenvolvemento, así como promover a súa participación na vida social sobre a base da igualdade.
- Tomar medidas para poñer de relevo os progresos e os obstáculos na aplicación das políticas que teñen en conta as cuestións relativas á discapacidade.
- Promover a conciencia pública acerca das contribucións das persoas con discapacidade ao desenvolvemento das súas comunidades.

A Estratexia Europea sobre Discapacidade 2010- 2020: “un compromiso renovado para unha Europa sen barreiras”, elaborada pola Comisión Europea, e a Resolución do Consello da Unión Europea 2010/C 316/01 relativa a un novo marco europeo da discapacidade, inciden especialmente na necesidade de que as accións dirixidas á promoción da igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade teñan un carácter transversal. O Goberno galego traballa con esta filosofía: imos conseguir a normalización estendendo as accións de inclusión todo o tempo e a tódolos ámbitos sociais, e non só creando ferramentas específicas en lugares e momentos concretos.

O Goberno galego ten ultimado xa o Primeiro Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010- 2013. Unha ferramenta na que se vertebran as estratexias a seguir pola Comunidade Autónoma na atención ás persoas con discapacidade, e a través da cal se irán coordinando e mellorando os servizos, programas e en xeral os recursos dispoñibles nun total de 10 áreas, cunha perspectiva transversal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Un Plan en cuxa elaboración a Xunta tivo en conta as achegas das entidades de iniciativa social e doutro axentes sociais, atendendo ó principio de participación que se recolle no artigo 33 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade das Nacións Unidas de 13 de decembro de 2006. Pero sobre todo, polo inmenso valor da súa experiencia neste ámbito.

Nesta data, a Xunta de Galicia desexa tamén facer explícito o recoñecemento e agradecemento da sociedade galega ó gran labor desenvolvido ó longo da historia por estes colectivos, auténticos protagonistas na creación de servizos e na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade, ocupando durante moitos anos un oco que non cubrían as Administracións. Para o Goberno galego, serán agora fundamentais no deseño e posta en marcha das novas políticas e accións para este colectivo.

Por último, a Xunta quere facer un chamamento a tódalas galegas e galegos para o desenvolvemento dos principios básicos que nos levarán a construír unha sociedade moderna, integradora e inclusiva e que forman parte dos dereitos humanos: a non discriminación, o respecto pola diversidade, a promoción da igualdade de oportunidades e da vida autónoma e independente de tódalas persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A EGAP RECUPERA OS CURSOS DE FORMACIÓN PARA MANDOS INTERMEDIOS QUE NON SE FACÍAN DESDE O ANO 2006**

- *Reanudarase a impartición dos cursos de perfeccionamento de xefaturas de sección e de perfeccionamento de xefaturas de negociado*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre o plan de formación directiva para mandos intermedios que se vai levar a cabo na Escola Galega de Administración Pública no vindeiro ano 2011, e que non se facían desde o ano 2006.

Reiniciarase así a impartición dos cursos de perfeccionamento de xefaturas de sección e dos cursos de perfeccionamento de xefaturas de negociado, convocando dous cursos de cada un deles, e serán convocadas 90 prazas para cada un dos cursos. Estes cursos non se convocaban dende o ano 2006 e eran obxecto de demanda por parte dos empregados públicos e máis polos sindicatos.

As xefaturas de sección e de negociado forman parte da columna vertebral da Administración pública e resulta esencial formar en coñecementos e habilidades directivas, de carácter instrumental, horizontal e transversal, e afondar na igualdade, roles de mandos intermedios, administración electrónica, protección de datos, e outros; xunto á formación técnica e específica, aos empregados públicos cara a desempeñar os seus postos de traballo.

Dentro deste programa de formación directiva tamén se impartirán no ano 2011 cursos para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia, do que neste ano se fixeron tres edicións.

Dentro do Plan de Formación da EGAP están ademais do Plan de Formación Directiva, outros plans encadrados segundo a colectivos aos que sexan dirixidos, como son o Plan de Formación do Persoal da Administración Autonómica, o Plan de Formación do Persoal da Administración Local, e o Plan de Formación do Persoal da Administración de Xustiza.

MÁIS DUN 50 POR CENTO DAS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS ESTÁN EN MARCHA OU XA FINALIZADAS

- *Este plan de xestión óptima da auga prevé un investimento de máis de 860 millóns de euros ata o 2013, dos cales xa se mobilizaron 442 millóns de euros*
- *Entre as actuacións licitadas destacan obras como a Edar de Corrubedo, de Ribadumia, da Cañiza, de Avión; o abastecemento a Foz; a Ames-Brión, ao polígono de Barro-Meis; as obras de mellora das presas de Baiona, Forcadas, O Con, Eiras e Cecebre*
- *O Plan de Infraestruturas Hidráulicas está formado por seis liñas de traballo fundamentais: actuacións en saneamento e depuración de augas residuais; accións de abastecemento e regulación de recursos hídricos; medidas de defensa de inundacións; control de verteduras; implantación da Directiva marco da auga; e explotación das estacións depuradoras de augas residuais*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xa ten en marcha ou rematadas un 50 por cento das actuacións recollidas dentro do Plan de Infraestruturas Hidráulicas, deseñado polo Goberno galego co fin de garantir, ao longo da presente lexislatura, unha xestión óptima das augas a través da mellora das redes de saneamento e depuración da comunidade. O Plan de Infraestruturas Hidráulicas 2009-2013 está avalado por un orzamento de máis de 868 millóns de euros, dos cales xa se mobilizou un investimento de 442.441.580 euros.

En canto aos obxectivos cumpridos, o departamento que dirixe Agustín Hernández licitou obras como a Edar de Corrubedo, de Ribadumia, da Cañiza, de Avión; o abastecemento a Foz; a Ames-Brión, ao polígono de Barro-Meis; as obras de mellora das presas de Baiona, Forcadas, O Con, Eiras e Cecebre; e tamén se asinaron convenios como o da depuradora de Vigo, o do abastecemento de Monforte ou os de saneamento nos concellos de Pontevedra e Marín.

Máis aló das obras, tamén se iniciou a explotación da EDAR de Guillarei, impulsouse un novo contrato para potenciar o Plan de Control de Verteduras, e puxéronse en marcha os traballos para a redacción dos plans de saneamento local das rías de Arousa e O Burgo.

De entre as actuacións que xa estaban en marcha, rematáronse e puxéronse en explotación infraestruturas como as EDAR de Baiona, Baiona, Muros ou a de Porto do Son.

Con este plan o Goberno galego abre unha nova etapa na xestión das augas caracterizada por un dobre obxectivo: garantir e preservar a calidade das augas da comunidade autónoma fomentando e potenciando un uso racional e responsable deste recurso natural, ademais de contribuír ao desenvolvemento económico-sustentable da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
 Consello da Xunta

comunidade galega. Esta política conta demais cunha nova ferramenta, a nova Lei de augas de Galicia.

A finalidade da Xunta de Galicia é dar cumprimento aos distintos plans aprobados en materia de auga, como o Plan de Saneamento, os plans hidrolóxicos de bacía e o Plan de Abastecemento. Tamén se traballará na liña de mellorar a xestión de dominio público hidráulico, atendendo de xeito especial ás verteduras que afectan as rías galegas co obxectivo de garantir o seu saneamento en 2015. Outro dos puntos é implantar un sistema de xestión para resolver a actual problemática das explotacións das estacións depuradoras de augas residuais da comunidade. Por último, búscase cumprir as directivas comunitarias vixentes (a Directiva 91/271 e a Directiva marco da auga) e colaborar coas entidades locais en materia de abastecemento.

Reparto de fondos

Os investimentos dos que dispuxo a Xunta de Galicia ao longo destes 18 meses de traballo para a materialización das accións en materia hidráulica elévanse a 442.441.580, dos cales 107 millóns se destinaron a acadar os obxectivos en materia de infraestruturas e 241 para actuacións en materia de saneamento.

INVESTIMENTOS DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS DE GALICIA 2009-2013 INVESTIMENTOS XA TRAMITADOS E EN CURSO NO INICIO DO PLAN					
LIÑA DE TRABALLO		INVESTIMENTO		% Cumprimento	
INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS	SANEAMENTO	241.174.577 €	355.401.681 €	61,78%	54,95%
	ABASTECIMENTO	107.248.664,25 €		51,40%	
	MELLORA DE MARXES	6.978.439,96 €		14,60%	
XESTIÓN DO DPH	VERTEDURAS + DMA	19.755.055 €	19.755.055 €	53,38%	53,38%
EXPLOTACIÓN DE EDARs		67.284.843 €	67.284.843 €	36,38%	36,38%
		442.441.579 €	442.441.579 €	50,93%	50,93%

Seis liñas de traballo

O Plan de Infraestruturas Hidráulicas está formado por seis liñas de traballo que se recollen en tres grandes grupos: as infraestruturas hidráulicas, a xestión do dominio público hidráulico (DPH) e a explotación das estacións depuradoras.

Bloque de actuación	Liña de traballo
Infraestruturas hidráulicas	1.- Actuacións en saneamento e depuración de augas residuais
	2.- Accións de abastecemento e regulación de recursos hídricos
	3.- Medidas de defensa de inundacións
Xestión DPH	4.- Control de verteduras
	5.- Traballo para a implantación da Directiva marco da auga
Explotación Edar	6.- Manter a colaboración técnica e financeira coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
 Consello da Xunta

Polo tanto, o departamento responsable en materia hidráulica levará a cabo actuacións en saneamento e depuración de augas residuais, co obxectivo global de mellorar a calidade das rías galegas e acadar o bo estado ecolóxico; accións de abastecemento e regulación de recursos hídricos, xa que se considera necesario e prioritario garantir as necesidades, tanto en cantidade como en calidade, actuais e futuras de abastecemento de auga potable a todos os núcleos de poboación superior a 50 habitantes; e medidas de defensa de inundacións, mellora das marxes e recuperación de contornos degradados.

En materia de xestión do dominio público hidráulico propóñense accións de control de verteduras e traballos para a implantación da Directiva Marco da Auga. Por outro lado, este plan tamén recolle a implantación dun novo modelo de xestión para a explotación de depuradoras de augas residuais da comunidade. Unha das últimas liñas de traballo é manter a colaboración técnica e financeira coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento.

O resumo dos orzamentos e das liñas de actuación do Plan de Infraestruturas Hidráulicas.

LIÑAS DE TRABALLO		INVESTIMENTOS TOTAIS DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁLICAS 2009-2013	
INFRAESTRUTURAS HIDRÁLICAS	SANEAMENTO	390.347.840 €	646.807.024,17 €
	ABASTECIMENTO	208.659.183,75 €	
	MELLORA DE MARXES	47.800.000,00 €	
XESTIÓN DO DPH	VERTE DURAS+DMA	37.006.131 €	37.006.131 €
EXPLOTACIÓN DE EDARs		184.960.835 €	184.960.835 €
			868.773.990,98 €

0

A CONSELLEIRA DE SANIDADE AFIRMA QUE O DIAGNÓSTICO PRECOZ DO VIH DEBE PRIORIZAR AS ACTUACIÓNS A CURTO E MEDIO PRAZO EN GALICIA

- *Pilar Farjas destacou que se está a concluír o deseño do proxecto de probas anónimas de detección rápida de VIH, que se realizarán nos 17 centros Quérote distribuídos por toda Galicia*
- *A incidencia media en Galicia con 75 casos por ano sitúanos por debaixo dos 88 casos de media nas outras comunidades*
- *O 35% dos infectados presentan unha inmunosupresión alta que expresa que recibiron un diagnóstico tardío*
- *O novo Sistema de Información Galego sobre a Infección polo VIH (SIGIVIH) supón un gran avance no estudo epidemiolóxico e complementa e mellora ao Rexistro Galego da Sida, que só recollía a fase final da infección*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentou ao Consello da Xunta un informe cos últimos datos do Sistema de Información Galego sobre a Infección polo VIH (SIGIVIH) en Galicia referidos ao período 2004-2009. Galicia presenta unha incidencia de infección polo VIH de 75 casos/ano por millón de habitantes, o que nos sitúa por debaixo da incidencia anual española que é de 88 para o intervalo 2004-2008.

Pilar Farjas destacou que se está a concluír o deseño do proxecto de probas anónimas de detección rápida de VIH, que se realizarán nos 17 centros Quérote da Dirección Xeral da Xuventude e Voluntariado, distribuídos por toda Galicia.

Segundo explicou Farjas Abadía estas probas ofrecerán, ademais da vantaxe de facilitar o diagnóstico precoz, a posibilidade de chegar a colectivos con escaso contacto cos servizos de saúde, ou reticentes a acudir a eles. Permitirán, así mesmo, mellorar a calidade de vida dos diagnosticados precocemente e evitar novas infeccións, contribuíndo á sustentabilidade do sistema sanitario ao mellorar a súa eficiencia. Tamén recentemente, se actualizou o protocolo de profilaxe postexposición non ocupacional, para limitar o risco de contaxio en exposicións accidentais ou illadas.

Datos da infección

Entre 2004 e 2009 declaráronse en Galicia 1.242 novos diagnósticos de VIH+ e soamente 553 casos de sida, o que supón un 125% máis de rexistros de infección que de enfermidade.

Na distribución por provincias, é Pontevedra a que presenta unha maior incidencia de infección no período de seis anos cunha media anual de 93 casos por millón de habitantes, seguida da Coruña con 76, Ourense con 63 e Lugo con 32 casos por millón de habitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Con respecto da distribución por sexos e idades, os homes representan o 76% do VIH en Galicia. O treito de idade entre 25 e 44 anos no momento do diagnóstico é o mais elevado, sendo a idade media do diagnóstico dos casos rexistrados en Galicia de 38 anos.

Importancia do diagnóstico precoz

O 35% dos novos diagnósticos de infección presentan unha inmunosupresión grave que expresa un diagnóstico tardío. Polo tanto, a promoción do diagnóstico precoz entre a poboación e os profesionais sanitarios é prioritaria para obter o máximo beneficio, individual e colectivo, dos avances na prevención e o tratamento da infección polo VIH.

Os infectados non orixinarios de España representan o 19% dos casos rexistrados (26% das mulleres e 16% dos homes), o que supón a necesidade de diversificar os programas de prevención para adaptalos á poboación inmigrante, grupo social e culturalmente moi heteroxéneo, e especialmente vulnerable, sobre todo no caso das mulleres.

Mellora de datos co SIGIVIH

A información procedente do SIGIVIH complementa e mellora a achegada polo Rexistro Galego da Sida, procurándonos uns datos máis próximos ao momento real da infección polo virus.

O Rexistro Galego da Sida só sinalaba a fase final da infección polo virus e condicionaba a análise dos datos polo longo tempo de evolución natural desta infección, o que supón un baleiro excesivo na toma de decisións en materia de prevención. O novo rexistro SIGIVIH, que ofreceu por primeira vez datos o pasado ano, complementa e mellora a información achegada polo Rexistro Galego de Sida; ademais permite contar con datos que se aproximan ao momento en que ocorre a infección, o que facilita o seu estudo, e permite adecuar as estratexias ao perfil que adoite a transmisión do virus na nosa poboación favorecendo as actuacións na prevención.